



## **Instrución 1/2026, do 18 de maio, da Vicerreitoría de Titulacións e Internacionalización, sobre o criterio de recoñecemento académico das materias anuais nos programas de mobilidade internacional**

### **Preámbulo**

O artigo 3 da normativa que regula as ensinanzas oficiais de grao e mestrado universitario da UDC, en que se recolle a organización do plan de estudos, indica que con carácter xeral as disciplinas serán de 6 créditos e cuatrimestrais. Excepcionalmente pódense incorporar aos plans de estudo disciplinas de carácter anual.

O punto 6 do artigo 24 do Regulamento 3/2025, do 26 de febreiro, do Consello de Goberno, sobre mobilidade internacional do estudiantado da Universidade da Coruña establece que, sempre que o número de horas por crédito entre a UDC e a institución de destino sexa o mesmo, a diferenza de créditos que se recoñecerá na titulación da UDC non poderá superar os 2 ECTS en mobilidade semestral e os 4 ECTS en mobilidade anual.

A «Erasmus+ Programme Guide» 2025 e os principios da «Erasmus Charter for Higher Education (ECHE)» 2021-2027 sinalan que as institucións participantes nunha mobilidade internacional deberán garantir o pleno recoñecemento automático dos créditos asociados ás actividades desenvolvidas satisfactoriamente durante o período de mobilidade.

No marco do recoñecemento académico das materias anuais con elevada carga crediticia, incluídas nos acordos de aprendizaxe do estudiantado da UDC, están a existir dificultades para atopar equivalencias coas materias que se cursan na institución de destino, o que dá lugar a diferenzas de créditos ECTS superiores ás mínimas previstas na normativa de mobilidade internacional.

Co obxecto de facilitar o cumprimento da estratexia de internacionalización da UDC e a mobilidade do estudiantado, esta instrución regula o recoñecemento académico das materias anuais con elevada carga crediticia no contexto da mobilidade internacional cando non existan na universidade de destino materias cunha carga crediticia equivalente.

### **Artigo 1. Obxecto e ámbito de aplicación**

1. O obxecto desta instrución é facilitar os procesos de mobilidade internacional saínte para garantir o pleno recoñecemento automático dos créditos asociados á mobilidade.
2. Esta instrución será aplicable exclusivamente ás materias anuais cunha elevada carga crediticia en que existan dificultades para recoñecer a totalidade dos créditos por ausencia, na institución de destino, de materias cun número de créditos equivalente.



## **Artigo 2. Responsabilidade**

1. Corresponderalle ao centro responsable da materia organizar a súa impartición de xeito que no mesmo curso académico unha primeira parte da materia (A) se curse e avalíe na UDC e a parte restante (B) se curse e avalíe na institución de destino. A parte (B) que se curse na institución de destino será a que estea suxeita a recoñecemento académico.

2. A planificación da materia e a distribución de créditos entre a parte (A) que se curse na UDC e a parte (B) que se curse na institución de destino deberá ser aprobada pola comisión académica do centro, terá que estar recollida na guía docente da materia para o estudiantado que saia en mobilidade, e ser remitida á Oficina de Relacións Internacionais e á vicerreitoría competente en materia de internacionalización.

## **Artigo 3. Organización académica do recoñecemento**

1. A parte (A) da materia que se curse e se avalíe na UDC rexerese pola normativa académica da UDC. O estudiantado terá dereito a unha convocatoria con dúas oportunidades para a súa superación nas mesmas condicións que o resto das materias que se cursen na UDC.

2. A parte (B) da materia, que se curse e se avalíe na institución de destino, rexerese pola normativa académica desa institución e terá a consideración de actividade non recuperable en segunda oportunidade na UDC. No caso de non superar esta parte, a materia incorporárase ao expediente académico como suspenso coa cualificación e para os efectos académicos que correspondan.

## **Artigo 4. Cualificación final**

A cualificación final obterase mediante a media ponderada, en función do número de créditos das partes (A) e (B) que se establezan para a materia e das cualificacións que se obteñan en cada unha das partes, unha vez realizada a conversión da cualificación que se obteña na institución de destino ao sistema de cualificación da UDC (0-10).

## **Disposición final. Entrada en vigor**

Esta instrución entrará en vigor a partir do día seguinte ao da súa publicación no Taboleiro Electrónico Oficial.

O vicerreitor de Titulacións e Internacionalización

Moisés Canle López